

Acordo do tribunal cualificador do proceso de selección para a contratación, baixo a modalidade de contrato especial para artistas, ao abeiro do Real decreto 1435/1985, do 1 de agosto, e da modificación introducida polo Real decreto lei 5/2022, do 22 de marzo, de 22 prazas de actrices e actores para as producións *Mesiña, ponte!* (título provisional) e *Countdown* (título provisional) do Departamento de Producción Teatral (Centro Dramático Galego) no período 2024-2025 e se acorda a súa publicación.

Asunto: Resolución definitiva de persoas seleccionadas para as audicións da segunda fase do proceso.

Segundo o establecido nas bases da convocatoria que rexe a selección de actrices e actores para a produción de 2024 e 2025 do departamento de Producción Teatral da Agadic, na sesión celebrada o día 07/10/2024 polo tribunal nomeado mediante resolución do director da Agadic de data 01/10/2024 para esta selección, acordouse:

1. Aprobar a listaxe definitiva dos actores e actrices seleccionados para as probas presenciais da segunda fase, que figura como Anexo I.
2. Aceptar as renuncias de Alicia López Méndez e de Alfredo Pérez Muíño a formar parte das audicións da segunda fase do proceso de *Mesiña, ponte!* e *Countdown*, respectivamente.

Convocar a Antonio Salgado Rodríguez en substitución de Alicia López Méndez e a Alfonso Medina González en substitución de Alfredo Pérez Muíño.

3. Aprobar as datas, horarios e contido das probas (que figuran como Anexo II) e a súa publicación na páxina web da Agadic (con reserva de envialo tamén por correo electrónico aos candidatos e candidatas).

O tribunal resérvase a posibilidade de rechamar a algunha das persoas candidatas ou enviar indicacións personalizadas específicas para as probas.

Contra o presente acordo poderá interpoñerse recurso de alzada nos termos previstos no artigo 121 e seguintes da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, no prazo dun mes dende o día seguinte á súa publicación, perante a dirección da Agadic.

A secretaria do Tribunal

Ana Balado Fontenla



ANEXO I

A lista definitiva de persoas que pasan á segunda fase de *Mesiña, ponte!* é:

NOME COMPLETO	NOME ARTÍSTICO	DNI
Abonjo Escudero, José Julio	XÚLIO ABONJO	***2189**
Aguado Taboada, María del Carmen	MAIKA AGUADO	***5613**
Álvarez Rodríguez, Carla	CARLA MOJÓN	***5677**
Ballesteros Arias, Paula	PAULA BALLESTEROS	***9170**
Berdiñas Torres, Covadonga Carlota	COVADONGA BERDIÑAS	***9652**
Bermúdez Iglesias, Alba	ALBA BERMÚDEZ	***3118**
Blanco Chapela, Daniel	DANI BLANCO	***4189**
Carrera Estévez, Martina	MARTINA CARRERA ESTÉVEZ	***1121**
Collazo García, Ángel	ÁNXEL COLLAZO	***9391**
Cortés Tallón, Manuel	MANUEL CORTÉS	***5407**
Cotelo Rama, María Carmen	CARMEN COTELO	***4120**
de Picoaga Díaz, Carmen	CARMEN DE PICOAGA	***8215**
Esperante Davila, José Manuel	XOSÉ MANUEL ESPERANTE	***6538**
Fariñas Rodríguez, María	MARÍA FARIÑAS	***7076**
Gago Portas, Ana Isabel	ANABELL GAGO	***6438**
Garabal Carbajal, Raquel	RAQUEL GARABAL	***7281**
García Crespo, Raquel	RAQUEL CRESPO	***2797**
Garrido Fernández, Isabel	ISABEL GARRIDO	***3851**
Giráldez Río, Andrés Avelno	ANDRÉS GIRÁLDEZ	***9744**
González Bolado, Areta	ARETA BOLADO	***7077**
González Castro, Mercedes	MERCEDES CASTRO	***0339**
González Villar, Aránzazu	ARANTZA VILLAR	***6705**
Graña Barcia, María Beatriz		***3324**
Iglesias Giráldez, Yolanda	YOLI GIRÁLEZ	***1997**
Ladson Bugallo, Alixa	ALIXA LADSON	***6288**
Leal Jiménez, Roberto	ROBERTO LEAL	***1679**
López Serantes, Paulo	PAULO SERANTES	***8795**
Loureiro García, Pablo Adrián	PABLO LOUREIRO	***0333**
Lugilde Rodríguez, Paloma	PALOMA LUGILDE	***3790**
Maceira Cortegoso, Iago	IAGO CORTEGOSO	***7967**
Millán Vázquez, Manuel Ángel	MANUEL MILLÁN	***4037**
Montes Fernández, Grial	GRIAL MONTES	***6667**
Morán Santamarina, Fernando	FERNANDO MORÁN	***7877**
Muíños Paredes, Yolanda	IOLANDA MUÍÑOS	***6438**
Otero Mosquera, Paloma	PALOMA OTERO	***8821**
Papín Estévez, Noelia	NOELIA PAPÍN	***1365**
Porto Puente, Consuelo	CHELO DO REJO	***3846**
Reynoso Alvarado, Basilia Margarita	MARGOT ALVARADO	***3263**
Rico Galán, Gloria María		***5152**
Rodríguez Alonso, David	DAVID ALONSO	***9957**
Rodríguez López, Mario	MARIO LÓPEZ	***1722**
Salgado Rodríguez, Antonio	TONI SALGADO	***6075**



Sánchez Lázare, Loaira	LOAIRA LÁZARE	***0227**
Sanmartín Alonso, Eugenia Manuela	EUGENIA SANMARTÍN	***6580**
Santos Maneiro, Ana	ANA SANTOS	***6501**
Sarasola Pontón, Laura	LAURA SARASOLA PONTÓN	***1263**
Vázquez Lorenzo, Silvia	SILVIA LORENZO	***1811**
Velasco Pedrosa, Cora	CORA VELASCO	***1322**
Vilela Piñeiro, Daniel	NELU VERMOUTH	***1252**

A lista definitiva de persoas en reserva para a obra *Mesiña, ponte!* (título provisional) é:

NOME COMPLETO	NOME ARTÍSTICO	DNI
Andrada Gómez, Ángela María	ÁNGELA ANDRADA	***0867**
Ferrín Outeda, Omar	OMAR FERRÍN	***1028**
Iriarte Alonso, Brais	BRAIS IRIARTE	***8277**
Kendelman Mouzo, Ailén	AILÉN KENDELMAN	***5428**
Lage González, María José	JOSI LAGE	***1156**
Losada Rivero, Victoriano	JOSE LOSADA	***7587**
Miguéns Castiño, María Pamela	PAMELA MIGUÉNS	***9545**
Mohedano Mira, Vicente	VICENTE MOHEDANO	***7093**
Morado Ardao, Paula	PAULA MORADO	***7397**
Pérez Alonso, Marta	MARTA PÉREZ	***1119**
Puga Davila, Rosa	ROSA PUGA DAVILA	***1367**
Ramilo Graña, Javier	XAVI RAMILO	***3469**
Rodríguez Salgado, Gerardo	XERARDO SALGADO	***9526**
Salgado Rodríguez, Francisco Javier	MACHI SALGADO	***1911**
Sánchez Pérez, Pablo	PABLO SÁNCHEZ	***9320**
Varandela Rodríguez, Jorge	JORGE VARANDELA	***5795**
Varela cedillo, Irene	IRENE VARELA	***1823**
Vázquez Fernández, Caterina	CATERINA VÁZQUEZ	***7386**
Vidal Parga, Sila	SILA SICILIA	***0514**
Villaverde Carrera, Laura	LAURA VILLAVERDE	***7252**

A lista definitiva de persoas que pasan á segunda fase de *Countdown* (título provisional) é:

NOME COMPLETO	NOME ARTÍSTICO	DNI
Algarra Cajide, Uxía	UXÍA ALGARRA	***8711**
Bañobre González, María Ángeles	MARIÁN BAÑOBRE	***9024**
Blanco Chapela, Daniel	DANI BLANCO	***4189**
Blanco Mouro, Martín	MARTÍN BLANCO	***1161**
Brandón Muiño, Ariadna	ARI BRANDÓN	***5533**
Castro Batista, Jorge Adrián	JORGE CASTRO	***8650**



Cobas Lema, Arturo		***3680**
Collazo García, Ángel	ÁNXL COLLAZO	***9391**
Coucheiro Faílde, José Antonio	ANTÓN COUCHEIRO "COU"	***2239**
de Arcos Pozo, Jorge	JORGE DE ARCOS	***7352**
de la Iglesia García, Luz	LUZ GARCÍA	***9011**
Espada Ares, Raquel	RAQUEL ESPADA	***0673**
Ferrao Diz, Clara	CLARA FERRAO DIZ	***7438**
Fialho Pérez, Marta	MARTA FIALHO	***9725**
Hesse, Johanna	JOHANNA HESSE	***8946**
Iglesias Martín, Marta	MARTA IGLESIAS	***6210**
López Méndez, Alicia	ALICIA LÓPEZ MÉNDEZ	***5797**
López Serantes, Óscar	O. (Odoluscofusco)	***1259**
Luna Ferragut, Francisco José	PACO LUNA	***1256**
Marí Rodríguez, Greta	GRETA MARÍ	***0705**
Martínez Buceta, Francisco	FRAN MARTÍNEZ	***7009**
Medina González, Alfonso	ALFONSO MEDINA	***5458**
Mosquera Rodríguez, Carlota	CARLOTA MOSQUERA	***5853**
Oitavén Fernández, Raquel	RAQUEL OITAVÉN	***9783**
Outeiro Romay, Natalia	NATALIA PAJARITO	***5321**
Outumuro Abad, Anxo	ANXO OUTUMURO	***9059**
Placer García-Rodeja, Pedro	PEDRO PLACER	***4264**
Porta Gómez, Guillermo Alfonso	GUILLERMO SOLO	***7487**
Quintas Santos, Paula	PAULA QUINTAS	***7963**
Ramil Sanders, Carolin	CAROLIN SANDERS	***8241**
Reboredo Ortega, Álvaro	ÁLVARO FITINHO	***5017**
Rey Vázquez, Alexandra	M.A.BARREIRA	***2284**
Rodríguez Alonso, David	DAVID ALONSO	***9957**
Rodríguez Piñeiro, María	MARÍA ROJA	***4067**
Romay Lema, Santiago José	SANTI ROMAY	***6254**
Rubio Mejía, Beatriz	BEATRIZ RUBIO	***7351**
Santos Acuña, Inés	INÉS SANTOS	***7013**
Suárez Casal, Mónica	MÓNICA SUÁREZ	***6058**
Suárez Fernández, Isabel	SABELA DE MOUZO	***1360**
Varela Cedillo, Irene	IRENE VARELA	***1823**

Dado o carácter multidisciplinar da obra, o resto de persoas admitidas no proceso e non seleccionadas para a segunda fase integrarán a lista de reserva.



ANEXO II
DATAS, HORARIOS E TEXTOS PARA AS PROBAS DA OBRA *MESIÑA, PONTE!*

LUNS 21 OUTUBRO	MARTES 22 OUTUBRO
<p style="text-align: center;">9 a 12h</p> <p>Martina Carrera Estévez- OS CARTOS SON DE VERDADE 1 Carmen de Picoaga Díaz- OS CARTOS SON DE VERDADE 2 Ánxel Collazo García- A OPORTUNIDADE 1 Raquel García Crespo- A OPORTUNIDADE 2 Paulo López Serantes- O GATO 2 Daniel Blanco Chapela- CAROLINA DE MÓNACO 2 B. Margarita R. Alvarado- CAROLINA DE MÓNACO 1 Roberto Leal Jiménez- O GATO 1</p>	<p style="text-align: center;">9 a 12h</p> <p>Alixo Ladson Bugallo- OS CARTOS SON DE VERDADE 1 Pablo Loureiro García- OS CARTOS SON DE VERDADE 2 Cora Velasco Pedrosa- O GATO 2 Yolanda Iglesias Giráldez- A OPORTUNIDADE 1 José Manuel Esperante Davila- O GATO 1 Mario Rodríguez López- A OPORTUNIDADE 2 Eugenia Sanmartín Alonso- CAROLINA DE MÓNACO 1 M^a Beatriz García Barcia- CAROLINA DE MÓNACO 2</p>
<p style="text-align: center;">12.30 a 15.30h</p> <p>Carla Álvarez Rodríguez- OS CARTOS SON DE VERDADE 1 Antonio Salgado Rodríguez- A OPORTUNIDADE 2 Raquel Garabal Carbajal- A OPORTUNIDADE 1 Nelu Vermouth- OS CARTOS SON DE VERDADE 2 Paula Ballesteros Arias- O GATO 2 Noelia Papín Estévez- CAROLINA DE MÓNACO 1 M^a Carmen Coteló Rama- CAROLINA DE MÓNACO 2 Andrés Giráldez Río- O GATO 1</p>	<p style="text-align: center;">12.30 a 15.30h</p> <p>Grial Montes Fernández- OS CARTOS SON DE VERDADE 1 Loaira Sánchez Lázare- OS CARTOS SON DE VERDADE 2 Paloma Otero Mosquera- O GATO 2 José Julio Abonjo Escudero- A OPORTUNIDADE 1 Areta González Bolado- A OPORTUNIDADE 2 M^a Carmen Aguado Taboada- CAROLINA DE MÓNACO 2 Ana Isabel Gago- CAROLINA DE MÓNACO 1 Consuelo Porto Puento- O GATO 1 Manuel Cortés Tallón- A OPORTUNIDADE 1</p>
<p style="text-align: center;">16.30 a 19.30h</p> <p>María Fariñas Rodríguez- OS CARTOS SON DE VERDADE 1 Isabel Garrido Fernández- OS CARTOS SON DE VERDADE 2 Covadonga Berdiñas Torres- CAROLINA DE MÓNACO 1 Paloma Lugilde Rodríguez- CAROLINA DE MÓNACO 2 Mercedes González Castro- A OPORTUNIDADE 2 Ana Santos Maneiro- O GATO 1 Silvia Vázquez Lorenzo- A OPORTUNIDADE 1 Aránzazu González Villar- O GATO 2</p>	<p style="text-align: center;">16.30 a 19.30h</p> <p>Iago Maceira Cortegoso- OS CARTOS SON DE VERDADE 1 David Rodríguez Alonso- A OPORTUNIDADE 1 Alba Bermúdez Iglesias- A OPORTUNIDADE 2 Laura Sarasola Pontón- OS CARTOS SON DE VERDADE 2 Yolanda Muíños Paredes- CAROLINA DE MÓNACO 1 Gloria M^a Rico Galán- CAROLINA DE MÓNACO 2 Fernando Morán Santamarina- O GATO 1 Manuel Á. Millán Vázquez- O GATO 2</p>



Ademáis do texto correspondente a cada un/unha, tal e como se indica na táboa cos horarios das probas, **tódalas persoas teñen que preparar o texto: *Este pandeiro*.**

ESTE PANDEIRO

Este pandeiro que toco
heino tocar canto queira
xa non rompe máis na vida
que é de pelica de obreira.

Este pandeiro que toco
aínda que dobre e redobre
dúrame para toda a vida,
fíxeno da pel dun pobre.

Este pandeiro que toco
e mais ese teu tambor
non teñas medo que rachen,
sonche de pel de patrón.





O GATO 1

Ola? A ver, aquí Félix Silvestris Domesticus, Challán para todo dios. Si, si, si, señora, non frete nos ollos, estalle a falar o gato. Vaia, o espírito do gato, máis ben; porque o corpo está aí atrás tirado no berce da pequena, feito unhas bragas vellas. Que manda truco, porque a pequena e mais eu nacemos case ao tempo. Pero ela segue a ser a pequena e eu agora son o peello dun gato decrepito que apenas respira o suficiente para preguntarse que hostia fixo coas súas sete vidas. Que, se me preguntan, eu diría que o meu paquete xa viña encetado; porque a min as contas non me dan. E vaia derradeira vida a miña: insuficiencia renal, parálise do nervio óptico, dermatite herpetiforme, febres reumáticas, un sopro no corazón e intolerancia á lactosa...

O GATO 2

Bonito de non crelo, atlético, con ese paso elegante, ese caer sempre de pé. O orgullo desta casa fun eu. Que chegaban as visitas e miraban para a pequena e, en fin, normalíña; pero, aí, o gato! "Persa" dicía a nai da pequena con orgullo. Coidado! E cazador coma o que máis. De todo: ratos; toupas; paxaros grandes, medianos e pequenos; sapos: lagartos... E todo para a familia sempre, sen gardar nada para min. O que tal eu teño feito por todos eles, e agora non van e discuten se levarme ao veterinario polos cólicos estes que me dan porque é moito gasto. Que é máis urxente o de arranxar a neveira, seica! Acéptenme un consello: canto máis ruín é un, mellor o tratan. Eu aprendino tarde.

A OPORTUNIDADE 1

Aquí hai abondo para quen teña ganas de traballar, sexa como sexa de hábil. Que a mamá sabe coser? A mamá cose. Que o papá sabe armar estruturas? Veña estruturas para o papá! E para a pequena? Para ela o traballo máis bonito de todos, e tamén o máis doado. Mira, mira que feitiñas as caixas. Ármanse nun instante e sen necesidade de ferramenta ningunha, só hai que ter dediños finos. E, por ser para ti, guapa, aí van unhas luvas de puro algodón orgánico. Si, si, si. Sempre con luvas, eh, Agar? Os nenos andades por aí coas mans emporcadas e... Isto é importantísimo, cada caixa ben montadiña para que os moedeiros queden perfectos dentro.

A OPORTUNIDADE 2

Armas a caixa, papel de seda, a mamá mete o moedeiro, máis papel de seda unha lazada e pechamos. Listo. Outra: montar a caixa, papel, moedeiro, papel, lazada e pechar. Así todas. Cada cen caixas son dez pesos. Recollemos as caixas rematadas todos os venres e traemos máis material. E todo está contado: se queda material para mil pezas, mil pezas teñen que devolverse. O material todo entrégase sen custe algún para vós, non coma noutras empresas, agás a lazada de adorno, que en cada casa e dunha cor distinta para saber cales fixestes vós e poder pagarvos. Ese lazo corre da vosa conta, pero custa unha miseria. Ben, entendido todo? Perfecto, xa veredes que cartos máis doados de gañar. Regalados, eh, Agar? Dúas horiñas cada día ao volver da escola e pim-pam, feito.



OS CARTOS SON DE VERDADE 1

Porque os cartos son de verdade e iso é importante. Non é o mesmo ter unha idea que ter un radiocasette, ou cheirar unha flor que ter uns tenis Adidas. Pero aquí estou eu, chea de ideas e levando uns arridas comprados na feira de Pascua. Que non me queixo, eh? Que á fin e ao cabo aquí quen leva a carga de todo non son eu, estache ben libre. Pero ás veces soño que abro a billa da pía e bota Fanta limón. Ou que atopo un billete dos grandes. Unha vez –e isto non é un soño– atopei unha tarxeta de teléfono na cabina de diante da farmacia. Gardeina no peto sen pensalo máis e marchei a toda hostia, non fosen volver por ela. Busquei outra cabina para ir mirar cantos cartos tiña. Mil trescentas pesetas! Con mil trescentas pesetas débese poder chamar moi lonxe. A Addis Abeba, como pouco.

OS CARTOS SON DE VERDADE 2

Pero para que vas chamar alí? Bastantes problemas deben ter como para collerlle o teléfono a unha de aquí que chama só para saber que tal por aló. Iso no caso de que teñan teléfono. Porque aquí empezaron a poñelo hai tres anos. Ata entón, había que pedir liña para chamar no teléfono do bar da Carracha, e coidado, coa voz máis baixa que puideras; porque, se non, á media hora xa sabía todo o barrio que a avoa Luz anda de cagarría e que á Ana a botaron do choio. Eu chamei á miña curmá de Fontaira, que era o único número que sabía de memoria. Seica se deitou con un que coñeceu en Hexágono o venres pasado. Cortouse a chamada xusto cando lle ía preguntar se lle doe. Mil trescentas pesetas parecen moitas, pero son unha puta miseria. Punto.

CAROLINA DE MÓNACO 1

Hai que ver que xeitosos saen os fillos dos ricos. Abres o Hola e é de non crer o guapa é a xente por aí adiante. "Carolina de Mónaco preside el Baile de la Rosa". Eu, se non fose por que, poñía estas fotos pola casa. A ver, eu quérolle a morrer á miña familia, pero mira para aí: pos o retrato de Carolina no marco de alpaca da comunión de Álex e iso xa parece outra cousa. E logo as fotos de todos xuntos: que sempre hai alguén cos ollos pechados, Agar cos pelos eses de mazaroca de millo e a cousa do ollo e Sabi coas pintiñas que leva sempre. Que tamén ser guapa non o é todo; porque, por moi Norma Duval que sexas, preséntaste en Cortefiel coas raíces sen tinxir, unha carreira nas medias e o chaquetón de hai tres invernos e xa te miran mal. É matemático.

CAROLINA DE MÓNACO 2

Por iso que hai máis cousas que a guapura, pero... Eu, por min, recortaba isto da Pronto e chuzábao no álbum de fotos tranquilamente. Que si, que todo o mundo sabe que esa xente non é da familia, pero polo menos dá gusto ir pasando as follas. E veña "segunda juventud de fulano en Miami" e "Menganita rehace su vida con un misterioso joven" e "las Navidades más especiales de citano". E que casas, santiña! Brocados, seda da boa, da que fan os vermes eses... Volves no bus de liña de facer a compra coa revista debaixo do brazo e aínda te sentes máis miserable; pero logo botas unha copiña de Sansón e empezas a pasar as páxinas dese papel tan bo e, mira, ata parece que se che pega un pouco diso. Que guapo é o condenado do Príncipe, caramba! Ten as feitura do pai. Que sorte tivemos.



DATAS, HORARIOS E TEXTOS PARA AS PROBAS DA OBRA *COUNTDOWN*

MÉRCORES 30 OUTUBRO	XOVES 31 OUTUBRO
9:30 a 12:30h	8:30 a 11:30h
Ariadna Brandon Muíño Beatriz Rubio Mejía Álvaro Reboredo Ortega Greta Marí Rodríguez Martín Blanco Mouro Alicia López Méndez Marta Fialho Pérez Francisco José Luna Ferragut Arturo Cobas Lema Pedro Placer García-Rodeja	Daniel Blanco Chapela Isabel Suárez Fernández Carolín Ramil Sanders Uxía Algarra Cajide Paula Quintas Santos Irene Varela Cedillo Jorge de Arcos Pozo Anxo Outumuro Adab María Ángeles Bañobre González David Rodríguez Alonso
14:30 a 17:30h	12.00 a 15:00h
Luz de la Iglesia García Johanna Hesse Monica Suárez Casal Oscar López Serantes Guillermo Alfonso Porta Gómez Fran Martínez Buceta María Rodríguez Piñeiro José Antonio Coucheiro Faílde Natalia Outeiro Romay Alexandra Rey Vázquez	Marta Iglesias Martín Raquel Oitavén Fernández Alfonso Medina González Ángel Collazo García Jorge Adrián Castro Batista Clara Ferrao Diz Inés Santos Acuña Raquel Espada Ares Carlota Mosquera Rodríguez Santiago José Romay Lema

Notas do director de *Countdown* (nome provisional) de cara ás probas:

“Ola! Somos o equipo artístico desta nova produción do Centro Dramático Galego e queremos enviarnos este texto para que vos sirva de guía e de axuda na preparación das probas.

Todas estas indicacións son totalmente abertas e libres para que lles poñades a vosa creatividade. Podedes modificar tanto as propostas como os textos. Tomádeas como un punto de partida e levádeas, se queredes, ao voso terreo.

Como supoñemos que xa imaxinades, este vai ser un espectáculo moi físico. O traballo corporal será o punto de partida para moitas das escenas e partes do espectáculo, por se o queredes ter en conta nas vosas propostas. Aínda así, se non sodes dese tipo de perfil, non vos preocupedes, precisamos tamén de persoas con dominio da voz e do texto, con vis cómica, clowns, etc. É moi, moi, moi importante que teñamos coidado e sexamos



responsables dos nosos movementos, conscientes das nosas limitacións e do corpo das nosas compañeiras. Non imos valorar a coraxe ou a valentía de tirarvos a facer algo para o que non estades preparadas. O circo xa ten un risco inherente, e tentamos minimizalo, evitar lesións, tratar o mellor posible o noso corpo. Queremos rematar a produción todas "dunha peza"...

Durante a proba faremos unha primeira hora de quecemento, de traballo corporal e de traballo en grupo. Despois encargaremosvos dúas propostas para que nos mostredes e un texto para facer un diálogo, tal e como se explica a continuación.

Moito ánimo."

1. A primeira proposta consistirá en preparar un "número" (como número entendemos unha peza curta de entre 2 e 4 minutos que se poida mostrar nun espectáculo de variedades). Como punto de partida para as vosas propostas, poden ser os seguintes temas:

- Auxe da extrema dereita
- A extrema dereita é a nova corrente antisistema
- Guerra mundial inminente
- Emerxencia ecolóxica
- A conta atrás
- Que deixarían de legado, de testamento

Podedes tomar estes temas e "retorcelos" todo o que queirades. A proposta non ten por que ter habilidade circense (hai moitos números de variedades sen habilidades físicas: comedia, clown, habilidades non físicas, etc.). O que si que non buscamos nesta proposta é unha "escena teatral con cuarta parede". Buscamos que teña unha compoñente de "espectáculo", que estea pensada para ser mostrada e recibida directamente polo público.

2. A segunda proposta será a de elixir un destes dous textos que hai a continuación e presentalos con toda a liberdade do mundo. Podedes mudar os textos como vos apeteza, acurtalos, alongalos, simplificalos, complicalos... Podedes integralos en traballo corporal, físico ou habilidades circenses. Tomádeos como un punto de partida para o que vos apeteza ou o que vos inspire.

É importante, iso si, que nesta proposta digades texto, empreguedes a voz.

Veredes que o primeiro está pensado e escrito para unha xeración máis "nova" e o segundo para unha xeración algo máis "madura".



Texto 1

Perdón? Grazas. Desculpade as molestias, vale? Non puiden evitar escoitar a conversa, ben, foron varias, moito texto, pero poderían resumirse en catro conceptos básicos: somos preguiceiras, narcisistas, desleixadas e non temos a máis mínima conciencia social. Non? Ou sexa, **só** nos importan o móbil, as redes sociais e non perder unha serie de Netflix. Non? Vale pero, unha pregunta... Quen nos puxo o móbil na man? Ola? Quen inventou a Internet? E a Netflix, por certo? Quen inventou a obsolescencia programada? Quen arrasa os recursos do planeta? De quen é a culpa de que non atopemos onde vivir, de que non haxa traballo para nós e acabemos en Londres fregando pratos despois dun grao, un mestrado, un idioma e varios Erasmus? Quen son os responsables? Eh? Crecemos e aprendemos no mundo que nos preparastes. Vós. Se cadra o que non vos gusta é que nos adaptamos mellor, que estamos de *chill*, quen sabe... E agora teremos que arranxar toda esta desfeita, literal... Non é certo que non teñamos conciencia social, é que non temos a vosa.

Así que, polo menos, recoñecede a incompetencia e non abrasedes con sermóns, vale? Porque sodes ben conscientes de que vos enganaron, e deixástesvos enganar.

Ah... E desculpade as molestias.

Texto 2

O outro día no bus escoitei falar a dous señores, ben, sobre todo falaba un, facía un relato minucioso de todos os sucesos e noticias que lera no xornal. O outro apenas dicía nada, non sendo: "imos para atrás, que atraso, imos para atrás..." Lembrei que cando tiña 6 ou 7 anos, tamén escoitaba a miña avoa dicir o mesmo cada vez que pasaba algo: "Mi madriña querida, como está o mundo, imos para atrás..."

Atrás, diante, dereito, revés, avanzar, retroceder... Quen o sabe?

Quizais sexa certo que a nosa existencia se poida describir como unha banda de Möbius. Se cadra nós somos como esas formigas que avanzan sen descanso, infinitamente, sen conciencia do percorrido, sen saber en que punto exacto están, ou que hora exacta é. As formigas cren que progresan porque van cara adiante, pero se puidésemos velas con distancia, desde fóra, veríamos que en realidade están dando a volta, ou que están no lugar oposto ao que cren estar, ou que están xirando á dereita para poder ir á esquerda. Pero sendo formiga, é imposible percibir todo isto. Sendo formiga non tes sentido da orientación, nin da verdade, nin da memoria. Supoño que por iso sempre temos a sensación de estar vivindo os mesmos acontecementos, só que con distintos protagonistas, e por iso dicimos que a Historia se repite unha e outra vez, ciclicamente... Pero non é repetición... É oposición. Ou todo o contrario...

En fin, que saberá unha formiga coma min...? Unha formiga aburrida que escoita conversas nun bus que avanza cara a adiante, cara a un destino que quizais estea detrás, ou antes, ou desoutro lado da banda.

3. Por último, aprendede este texto que iredes presentando por parellas. En canto teñamos a confirmación de todo o mundo e os grupos xa rematados, asignaremos un rol a cada un de vós para que aprendades unha das partes.



Diálogo

A: Ola, bo día, quería un..

B: Como di?

A: Ola, bo día, quería un...

B: Pero como que "bo día", vostede sabe a hora que é?

A: Pois si, as 12:45 h...

B: E a vostede parécelle que é bo día?

A: Malo de todo non está...

B: Eu levo aquí desde as 7:30 h. Exactamente.

A: Moi ben.

B: Vostede a que hora espertou?

A: Pois sobre as 10:30 h... Pero non crea que espertei de todo aínda..

B: As 10:30 h... Claro, con razón pensa vostede que é bo día.

A: Éme moi cedo para discutir, se vostede quere que sexa tarde, non teño inconveniente, se non lle importa quería un...

B: Eu xestiono un honrado establecemento, pago os meus impostos, abro e pecho puntualmente e, desde logo, non desexo un bo día cando é unha boa tarde...

A: Vale.

B: Pero que lle vou contar a alguén que espertou ás 10:30 h... E non falemos da hora na que se levantou da cama... Non, non... Non mo diga, prefiro non sabelo.

A: Oia, vostede non se pode meter nas miñas horas. Se cadra son garda nocturno e pasei a noite en vela.

B: É vostede garda nocturno?

A: Non, pero podía selo...

B: Pero non é. E por suposto que me podo meter nas súas horas, vivimos nunha sociedade civilizada. Hai horarios que cumprir, normas, obrigas...

A: É vostede policía?

B: Non, xestiono un honrado establecemento, pago os meus impostos e...

A: Por esa regra de tres eu tamén podería meterme coa decoración da súa tenda...

B: Ah! Estudou vostede Belas Artes?

A: Non, pero son sensible.

B: E díó así, tranquilamente...

A: Pois si, non me importa recoñecelo.

B: Se fai favor, póñaseme fóra.

A: Como?

B: Na miña casa non entran anarquistas nin sensibles...

A: Pero eu quería un...

B: Póñaseme fóra, faga o favor...

A: Pero....

B: Que non teña que pasar a cousa a maiores, enfile...

A: Está ben, está ben... Marcho. Pero que conste que nas miñas horas mando eu. Bo día!

